

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 12 DE NOVEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Mendez Fuentes Oriana, concelleira do grupo municipal Mixto.

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de novembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. Jose Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señores/as concelleiros aos que están presencialmente no salón de Plenos e as que están en conexión telemática, iniciamos Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente convocado para hoxe ás 9,00 horas, constatamos quórum. Primeira cuestión, haberá que votala, a ratificación da urxencia e despois propoñemos, que xa está falado cos voceiros, o aglutinamento dos puntos dous e tres para facer un debate conxunto, con dez minutos de intervención por cada un dos representantes dos grupos que interveñan e un peche por 5 minutos por parte do concelleiro de Facenda. O primeiro punto é a ratificación da urxencia, necesítase votación, pode ser por asentimento.

1(201).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros (nove presenciais e dezasete por control remoto) da Corporación, que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2(202).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 63/2020. CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. EXPTE. 680/441 (REXISTRO PLENO 2661/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 22 de outubro de 2020, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

“Antecedentes

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente.

Xustificación da modificación.

Memoria xustificativa da Área de Fomento na que se relacionan os investimentos é a súa necesidade.

En relación aos proxectos de humanización e aplicación do Remanente Líquido de Tesourería, hai distintos niveis de xustificación:

a) De tipo legal. A Comisión Europea acordou a suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que obriga a manter baixo control o déficit e a débeda. A Comisión Europea e o Consello aprobaron o pasado marzo activar a cláusula xeral de salvagarda. E máis recentemente, no mes de setembro, comunicouse que a cláusula de salvagarda manterase activa en 2021.

Dita activación implica que non se suspenden os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pero permite aos Estados membros pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fixada con anterioridade á crise.

Por tanto, a suspensión das regras fiscais prodúcese en cumprimento das medidas adoptadas pola UE para reforzar a resposta á crise e desenvolver un marco de reconstrución, transformación e resiliencia para seguir avanzando.

O Goberno na sesión do Consellos de Ministros de data 6 de outubro aprobou a suspensión da senda de estabilidade vixente e deu visto e prace ao teito de gasto non financeiro do Estado de 2021. Tamén deu a posibilidade de utilización do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non computando os empregos nos anos 202/2021.

Esta medida implica que quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para 2021, así como os fixados para o período 2021-2023 aprobados polas Cortes Xerais en marzo e que quedaran desfasados na situación actual. A pesar diso, existirán uns niveis de déficit de referencia que servirán para permitir o funcionamento orzamentario ordinario de ambos os exercicios.

O Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que sirvan como orientación e guía. O déficit de referencia para España no ano 2020 será do 11,3 e do 7,7% para 2021.

O déficit da Administración Xeral do Estado será do 5,2% (xa que asume o custo dos 31.882 millóns das transferencias á Seguridade Social e comunidades autónomas), das comunidades autónomas do 1,1% e da Seguridade Social, do 1,3%.

As entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% e tamén poderán facer uso dos seus remanentes de tesouraría este ano e o que vén, grazas á suspensión das regras fiscais.

b) De tipo técnico. Faise constar a inaprazabilidade do gasto, tendo en conta as necesidades de mellora técnica que requiren determinadas actuacións públicas contidas na relación de proxectos.

c) De oportunidade. Supón a aplicación dos aforros municipais a satisfacer necesidades que melloran a calidade de vida dos cidadás.

d) Memoria xustificativa dos investimentos.

e) A xustificación mais rigorosa é a necesidade legal de imputar o gasto financiado co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais aos Orzamentos dos anos 2020/2021, xa que é o marco establecido para a suspensión das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria e Regra de gasto, xa que a do endebedamento, ao Concello de Vigo non lle afecta, por NON ter endebedamento financeiro.

Queda por tanto debidamente xustificada a tramitación do expediente que impulsa a Área de Fomento que financia con RLTGX, que ten que iniciar os procedementos de licitación dentro do exercicio 2020 para garantir a súa execución no ano 2021.

Normativa de aplicación

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

A suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

O Acordo do Consello de Ministros polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (63/2020), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo dá Área de Fomento en relación coas humanizacións e memoria dos investimentos, sendo esta a xustificación da tramitación do expediente de modificación orzamentaria nº 63/2020, aínda que a base fundamental deste expediente é a autorización para a tramitación do Recurso Financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais que non computará nos obxectivos fiscais dos anos 2020/2021.

En relación co cumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, están suspendidas para o ano 2020 e 2021.

Faise unha análise do marco de peche dos devanditos exercicios, que sen prexuízo da suspensión das devanditas regras, coa execución dos proxectos e gastos financiados co Remanente Líquido de Tesourería, posibilita que con cargo ao Orzamento do ano 2020, se poida tramitar as liquidacións dos expedientes 6370/241 e 6478/241, sendo asumibles na Liquidación prevista do ano 2020. En canto á proxección da liquidación do ano 2021, vaise producir un cumprimento tal e como se fai constar no documento de proxección de ingresos e gastos para o período 2020-2021.

En relación co anterior, achégase ao expediente memoria da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2020-2021, que permite a avaliación para o devandito período.

En canto á Regra de Gasto, tamén está en suspenso o obxectivo fiscal, polo que non procede facer a análise de peche, descoñecéndose como se vai a fixar a base para a liquidación do orzamento do ano 2022.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2020 ni no proxecto do Orzamento do ano 2021 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 63/2020, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 680/441 por unha contía de 33.000.000,00 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, cuxa cuantificación figura na memoria.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os que se relacionan, que afectan aos Servizos de Vías e Obras, Estratexia DUSI, Vigo vertical, eficiencia enerxética, Xardíns, Educación, Deportes e Patrimonio Municipal. A unidade encargada da tramitación dos expedientes que conforman a modificación orzamentaria é a Área de Fomento.

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1532	2100060		Asfaltado na Rúa Marín	218.139,12
FOMENTO	1532	2270660		Redacción proxectos de novas humanizacións	550.000,00
FOMENTO	1532	6090058	20153258	Cubrición e protección Tranvía Castelao	123.914,14
FOMENTO	1532	6190060	20153260	Human. Rúa Tercio de Afora	274.019,36
FOMENTO	1532	6190061	20153261	Human. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)	2.197.043,98
FOMENTO	1532	6090062	20153262	Suministro e colocación de biondas para motos	350.000,00
FOMENTO	1532	6090063	20153263	1ª anual. Acceso peonil S. Avendaño V. Norte	500.000,00
FOMENTO	1532	6190064	20153264	Human. Rúa Troncoso	362.458,03
FOMENTO	1532	6190065	20153265	2ª Fase Integración Urbana Vía Verde	2.967.996,94
FOMENTO	1532	6190094	20153294	Obras de mellora túnel de Beiramar	1.500.000,00
FOMENTO	1532	6190067	20153267	Beirarrúa no camiño do Laranxo	135.925,99
FOMENTO	1532	6190068	20153268	Seguridade e paviment.C.Campo Amor	463.000,00

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1532	6190093	20153293 Humanización Rúa Romil		1.230.000,00
FOMENTO	1532	6190070	20153270 Human. Camiño da Brea		226.881,13
FOMENTO	1532	6190071	20153271 Human. Rúa Costa da Gándara		162.522,14
FOMENTO	1532	6190072	20153272 Human. Rúa Penís de Abaixo		78.256,44
FOMENTO	1532	6190073	20153273 Human. Praza da Feira		151.842,02
FOMENTO	1532	6190074	20153274 Human. Rúa dos Fontáns		58.056,47
FOMENTO	1532	6190075	20153275 Human. Rúa dos C urros		89.541,56
FOMENTO	1532	6190076	20153276 Human. Rúa Subride		153.502,50
FOMENTO	1532	6190077	20153277 Human. Primeira Travesía de Guixar		45.534,57
FOMENTO	1532	6190078	20153278 Human. Rúa dos Foxos		56.291,49
FOMENTO	1532	6190079	20153279 Human. Rúa Rosal Florido		61.703,43
FOMENTO	1532	6190080	20153280 Human. Rúa do Areiro		153.984,99
FOMENTO	1532	6190081	20153281 Human. Rúa do Freixo		274.556,28
FOMENTO	1532	6190082	20153282 Human. Rúa Bagunda		54.537,62
FOMENTO	1532	6190083	20153283 Hum. P.Saavedra, Fase 2, Trv.Foxos-E. Lorenzo		312.471,95
FOMENTO	1532	6190084	20153284 Humnización Rúa Rosal		450.000,00
FOMENTO	1532	6190085	20153285 Human. Rúa G. Espino, 4º Fase		1.600.000,00
FOMENTO	1532	6190086	20153286 Human. Rúa Aragón, 6ª Fase		570.000,00
FOMENTO	1532	6190087	20153287 Human. Rúa Valladolid		450.000,00
FOMENTO	1532	6190088	20153288 Human. Julián Minguillón e Vista Alegre		1.070.668,74
FOMENTO	1532	6190089	20153289 Humanización Rúa Colombia, 2ª Fase		749.293,61
FOMENTO	1532	6190092	20153292 Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo		496.500,00
FOMENTO	1539	6190060	20153960 Peatonalización Praza Eliptica		2.320.000,00
FOMENTO	1539	6190061	20153961 V.Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude		750.000,00
FOMENTO	1539	6190062	20153962 V.Vertical, Esc. Mecánica ao C. S. Teis		1.300.000,00
FOMENTO	1539	6090063	20153963 Vigo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialia		450.000,00
FOMENTO	1539	6090064	20153964 Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo_Aragón		900.000,00
FOMENTO/elect.	1650	6190060	20165060 Iluminación Parque Castrelos		622.680,74
FOMENTO/elect.	1650	6190061	20165061 Plan de eficiencia enerxética		2.551.133,15
XARDÍNS	1710	6190060	20171060 Mellora Praza de Miñoa		1.600.000,00
XARDINS	1710	6190061	20171061 Acondicionamento Torreiro Valadares		237.277,80
EDUCACIÓN	3230	62200060	20323060 Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian		700.000,00
DEPORTES	3420	6290060	20342060 Dotacións deportivas		60.000,00
DEPORTES	3420	6320061	20342061 Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Bao		642.434,46
DEPORTES	3420	6320062	20342062 Mellora campo de fútbol Sta. Mariña		499.908,29
PATRIMONIO	9330	6320060	20933060 Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina		426.116,78
PATRIMONIO	9330	6320061	20933061 Reforma antigüa Edar para auditorio		901.806,28

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
PATRIMONIO	9330	6320062	20933062	Acondicionamento Antigüo ambulatorio Teis para Biblioteca	900.000,00
Total					33.000.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar os expedientes de acordo á relación que conforman os empregos dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 63/2020, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

QUINTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Con data 23 de outubro de 2020, o Interventor Municipal emite o seguinte informe de fiscalización,

“Primeiro.- Lexislación aplicable.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b) 2º).
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, e resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008.

Segundo.- Carácter do informe.

Conforme ao disposto no artigo 4 do Real Decreto 128/2018, o control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e comprenderá, tanto a función interventora como o control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).

Trátase, polo tanto, dunha modalidade de control preceptiva.

Terceiro.- Fundamentos xurídicos.

I.- O artigo 177 do TRLRFL dispón:

“1. Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

2. O expediente, que haberá de ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Pleno da corporación, con suxeición aos mesmos trámites

e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo, de aplicación, as normas sobre información, reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 desta lei. (...)

4. O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón.

Devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. No expediente acreditarase que os ingresos previstos no orzamento veñan efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista.”.

II.- Pola súa beira, o RD 500/1990 establece o seguinte:

“Art. 35.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

Os suplementos de créditos son aquelas modificacións do Orzamento de gastos nos que concorrendo as mesmas circunstancias anteriores en relación co gasto para realizar, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.

Art. 36.

1. *Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:*

a) Con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, calculado de acordo co establecido nos artigos 101 a 104.

b) Con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente.

c) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

2. *Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito para gastos de investimento poderán financiarse, ademais de con os recursos indicados no apartado anterior, cos procedentes de operacións de crédito. (...).*

Art. 37.

1. *Os expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito serán incoados, por orde do Presidente da Corporación, e, no seu caso, dos Órganos competentes dos Organismos autónomos dependentes da mesma, nas unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas.*

2. *Á proposta haberase de acompañar unha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar a clase de modificación a realizar, as partidas*

orxamentarias ás que afecta e os medios ou recursos que han de financiarla, debendo acreditarse:

a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, no caso de crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, en caso de suplemento de crédito.

Dita inexistencia ou insuficiencia de crédito deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

c) Se o medio de financiamento correspóndese con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista. ...

3. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida polo Presidente á aprobación do Pleno da Corporación.

Art. 38.

1. A aprobación dos expedientes polo Pleno realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio en que se autoricen.

2. Na tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade a que se refiren os artigos 20 e 22.

3. Igualmente serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os Orzamentos da Entidade a que se refire o artigo 23.”.

Cuarto.- Comprobacións.

Co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a conformidade do acordo proxectado coas disposicións aplicables, por esta Intervención comprobáronse os seguintes trámites e requisitos establecidos polo ordenamento xurídico mediante o exame dos documentos e informes que integran o expediente:

1.- Que no expediente consta resolución de incoación do órgano competente, previo informe das unidades que teñen ao seu cargo a xestión dos créditos ou son responsables dos correspondentes programas de gasto.

Os citados documentos constan anexados aos trámites nº 30 e 15 do expediente respectivamente.

2.- Que no expediente acredítase o carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

Tales circunstancias xustificanse tanto no informe do servizo xestor (tramite nº 15 do expediente) como na memoria xustificativa elaborada polo responsable de contabilidade e orzamentos (trámite nº 49 do expediente).

3.- Que xunto coa proposta achégase unha memoria xustificativa da necesidade da medida que precisa a clase de modificación a realizar, as aplicacións orxamentarias ás

que afecta e os medios ou recursos que han de financiarla, así como a incidencia da modificación proposta nos orzamentos de exercicios futuros.

A citada memoria consta anexada ao trámite nº 49 do expediente.

Trátase dun crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería.

A memoria indica as concretas aplicacións orzamentarias que serán incrementadas como consecuencia da modificación e incorpora unha análise do impacto orzamentario que terá a modificación no período 2020-2021 e a súa incidencia na capacidade ou necesidade de financiamento da entidade local (estabilidade orzamentaria).

4.- Que no expediente acredítase a inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, no caso de crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, en caso de suplemento de crédito, en ambos casos no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Se ben nin na memoria nin en ningún outro documento incorporado ao expediente acredítase esta circunstancia tal e como dispón o artigo 37.2 b) do RD 500/1990, ao tratarse de novos proxectos de investimento nos que o crédito asignado a correspondente aplicación orzamentaria xorde como consecuencia do crédito extraordinario, o seu nivel de vinculación será consigo mesma conforme ao disposto na base 4ª das Bases de Execución do Orzamento, polo que verificase a inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

No caso do aumento do crédito para o financiamento dos gastos correntes, créanse novas aplicacións non previstas no vixente orzamento. Con todo a consideración da modificación como crédito extraordinario ou como suplemento de crédito non comportaría diferenza algunha no contido e tramitación do expediente.

5.- Que o medio de financiamento correspóndese con algún ou algúns dos recursos previstos na normativa reguladora das facendas locais: Remanente Líquido de Tesourería; novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente; anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas; no caso de créditos extraordinarios e suplementos de crédito para gastos de investimento, os procedentes de operacións de crédito.

No expediente examinado o medio de financiamento é o Remanente Líquido de Tesourería calculado conforme ao disposto no artigo 104.3 do RD 500/1990.

6.- Cando un dos medios de financiamento sexa o Remanente Líquido de Tesourería, que se incorpora no expediente certificación expedida polo responsable de contabilidade acreditativa da que o importe do RLT é suficiente para financiar a modificación de crédito proposta.

Consta no expediente informe asinado polo responsable de contabilidade (anexado ao trámite nº 38 do expediente) de seguimento do RLT para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do ano 2019, verificándose a existencia do citado recurso por importe suficiente para financiar a modificación de crédito proposta.

	Importe
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais obtido na liquidación do orzamento do ano 2019	92.057.012,48
Remanente de Tesourería destinado a financiar modificacións de crédito aprobadas con anterioridade	-18.076.001,96
Remanente Líquido de Tesourería	73.981.010,52
Importe da RLT empregado na modificación orzamentaria	33.000.000,00
RLT despois da modificación orzamentaria	40.981.010,52

Quinto.- Incidencia no cumprimento das regras fiscais establecidas na LOEOSF.

Conforme ao disposto no artigo 104 do RD 500/1990, o remanente de tesourería non formará parte en ningún caso das previsións iniciais de ingresos nin poderá financiar, en consecuencia, os créditos iniciais do orzamento de gastos, e a súa utilización como recurso para o financiamento de modificacións de créditos non dará lugar nin ao recoñecemento nin á liquidación de dereitos orzamentarios, polo que o remanente de tesourería do exercicio 2019 non constitúe un recurso en termos de contabilidade nacional no exercicio presente.

En consecuencia, o maior gasto no exercicio nos capítulos I a VII do estado de gastos que se financie mediante un aumento de crédito como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesourería (RT) afecta negativamente á capacidade/necesidade de financiamento da entidade local polo que produce, en todo caso, déficit en contabilidade nacional polo seu importe, xa que o RT é considerado como un activo financeiro e, polo tanto, clasifícase no concepto 870 do capítulo VIII da clasificación económica de ingresos da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Así mesmo, tamén incrementará o gasto computable para os efectos da regra de gasto, salvo que se trate de categorías de gasto exceptuadas das previstas na normativa vixente.

Polo tanto, xa que a través da presente modificación orzamentaria fináncianse con RLT gastos dos capítulos II e VI do estado de gastos, a aprobación do presente expediente suporá o incremento do gasto computable no exercicio no que se recoñezan as correspondentes obrigacións.

Na memoria incorporada no expediente faise constar a modo de resumo:

“Nas previsións de liquidación do período 2021, estase a considerar a incorporación de remanentes e os maiores gastos polos efectos que poidan ter os novos investimentos. As proxeccións están sobre a hipóteses de liquidacións pechadas dos últimos tres anos, polo que considérase unha base histórica que posibilita un escenario con alto grao de certeza.

En canto á liquidación prevista para o ano 2020, a proxección non ten en conta a liquidación correspondente aos expedientes 6478 e 6370/241, aínda que a liquidación reflicte unha situación que permite a imputación de gasto das liquidacións dos devanditos contratos sen que se incorra en déficit, ou nun déficit asumible, sempre tendo en conta que o Concello ten en vigor un PEF até o 31/12/2020.

Estes dous expedientes, teñen como obxectivo a execución das sentenzas do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 36 do 06/02/2018, relativa aos aparcadoiros soterrados de Genaro de la Fuente e Castelao, adxudicados pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de maio de 2007 e a nº 40, do 29 de xaneiro de 2020, relativa á XER, adxudicada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de maio de 2007.

O período obxecto da análise, tendo en conta as hipóteses de gasto e ingreso, cuxo fundamento ten a súa orixe nas execución dos anos precedentes, permite concluír, que se se cumpren, posibilita establecer un marco de cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria para o ano 2020 e de incumprimento no ano 2021, nas contías que se reflicten neste informe, incorporando o gasto das liquidacións dos expedientes referenciados, aínda que sen consecuencias legais por estar suspendidas as regras fiscais para os anos 2020 e 2021.

En consecuencia co anterior, a memoria económica de proxección dos efectos orzamentarios e económicos, ten a súa base de cálculo na liquidación de exercicios anteriores e na estimación de liquidación dos anos 2020-2021, sendo a súa proxección consistente cun alto grao de certeza”.

Con respecta ás conclusións contidas na memoria, esta intervención comparte a consideración sobre a obtención de capacidade de financiamento ou superávit no exercicio 2020 e una previsible necesidade de financiamento ou déficit no exercicio 2021, fundamentalmente pola translación ao exercicio 2021 do gasto financiado a través da presente modificación orzamentaria, aínda que consideramos que polas particularidades do presente ano, a execución orzamentaria no ano 2020 será inferior á calculada conforme á evolución tendencial dos últimos exercicios, o que suporía un maior saldo das operacións non financieras e, polo tanto, unha maior capacidade de financiamento do exercicio que podería chegar ata uns 15 ou 20 millóns de euros, abstracción feita de gastos extraordinarios.

Suspensión das regras fiscais en 2020 e 2021.

Con todo, nun escenario de pandemia mundial, e logo de que a Comisión Europea decidira aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020, que tamén se prorrogará en 2021, o Congreso dos Deputados apreciou o 20 de outubro de 2020 que a situación que está a sufrir España pola pandemia, supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, polo que, en virtude diso e do acordo de Consello de Ministros que na súa reunión do día 6 de setembro de 2020 acordou suspender a senda de consolidación fiscal aprobada antes da crise e, consecuentemente, as regras fiscais en 2020 e 2021, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto, o que permitirá aos concellos facer uso dos seus remanentes durante os dous exercicios de suspensión das regras fiscais.

A pesar de non existir obxectivos de estabilidade, si haberá uns obxectivos de referencia. En principio, a taxa de referencia en 2021 será finalmente do 5,2% para a Administración Central, do 1,1% para as Comunidades Autónomas, do 1,3% para a Seguridade Social e do 0,1% para as Entidades Locais, aínda que grazas á suspensión das regras fiscais poderán facer uso dos seus remanentes co obxectivo de contribuír na recuperación económica e social de España.

Conclusións e recomendacións.

- (1) O expediente 680-441 incoado para a aprobación dunha modificación orzamentaria baixo a modalidade de crédito extraordinario por importe de 33.000.000,00 euros financiada co Remanente Líquido de Tesourería, con carácter xeral cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 35 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo que esta intervención informa favorablemente a proposta contida no mesmo.
- (2) O Congreso dos Deputados apreciou que a situación que está a sufrir España pola pandemia, supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, polo que, en virtude diso e do acordo de Consello de Ministros adoptado na reunión do 6 de setembro de 2020, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto nos exercicios 2020 e 2021 atópanse suspendidos, o que permite facer uso dos remanentes de tesourería durante os citados exercicios sen incorrer nunha situación de incumprimento das regras fiscais.
- (3) A aprobación do expediente polo Pleno realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio en que se autoricen, e serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.
- (4) En todo caso, conforme ao disposto na base 8ª das Bases de Execución os compromisos de gasto dos créditos incrementados pola modificación deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 29.10.2020, presta conformidade a dita proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na súa sesión extraordinaria e Urxente do 2.11.2020, fixa o calendario e abre o prazo de presentación de emendas polos grupos municipais que remata o día 9.11.2020.

En data 9 de novembro de 2020, o membro non adscrito (Rexistro Pleno 2669/1101), grupo municipal Mixto (Rexistro Pleno 2670/1101) e Partido Popular (Rexistro Pleno 2668/1101) presentan emendas á Modificación Orzamentaria nº 63/2020.

Con data 10.11.20, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria emite informe sobre as emendas presentadas.

En data 10.11.2020, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 29 de outubro de 2020, aprobou a Modificación Orzamentaria, Crédito Extraordinario nº 63/2020, correspondente ao expediente 680/441.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 02/11/2020 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas á Modificación orzamentaria nº 63/2020, tramitada no expediente 680/441, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2020. O prazo fixado comezou o día 02/11/2020, aínda que os Srs. Concelleiros teñen acceso ao expediente electrónico dende o día 29/10/2020, do que queda constancia na tramitación do mesmo, e rematou as 14,00 horas do día 09/11/2020.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno con data 29/10/2020, coa mesma data, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición da documentación que conforma o expediente para o estudo e a formación da vontade dos Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Comisión Informativa do que queda constancia no expediente coa data 09/11/2020, rexistradas na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente físico e electrónico.

No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario, enuméranse as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os equilibrios orzamentarios e sobre a aproximación do expediente en trámite en relación cos índices de referencia para os distintos subsectores públicos, e reflíctense as conclusións técnicas sobre as emendas e sobre as que non tendo un carácter técnico, obedecen a unha posición política, na que se fai unha proposta de empregos alternativos aos propostos polo Goberno Municipal.

As devanditas emendas poden sistematizarse como segue:

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 09/11/2020, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2668/1101, presentou unha emenda á totalidade.

EMENDA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO

En data 09/11/2020, Sr. Concelleiro Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou emenda á totalidade co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2669/1101.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

En data 09/11/2020, o Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2670/1101, presentou emenda parcial

Debe terse en conta que o Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regulamenta as emendas a totalidade, nas que previo debate, e neste caso fundamentalmente, suporía se fose aceptada a devolución do expediente que tramita o Crédito Extraordinario á Xunta de Goberno Local. A emenda presentada polo Concelleiro José Alfonso Marnotes González é cualificada como á totalidade. Pola súa banda, a emenda presentada polo Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, fai unha proposta alternativa total, aínda que non cualifica a emenda como á totalidade, pero fai unha proposta de substitución, que é cualificada no informe técnico como de totalidade e debe recibir o mesmo tratamento.

En primeiro lugar, debe sinalarse que as emendas presentadas, á totalidade ou parciais, supoñen un posicionamento alternativo sobre o uso do recurso financeiro que constitúe o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, e teñen un mesmo obxectivo: o rexeitamento da proposta do Goberno aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de outubro. Debe recordarse, porén, aos concelleiros emendantes

que a competencia para a formación do Orzamento Municipal e as modificacións orzamentarias, cualificadas como Crédito Extraordinario ou Suplementos de Crédito, está residenciada no Alcalde-Presidente da Corporación, que actúa de acordo coas fundamentacións políticas, técnicas e oportunidade que considere.

En segundo lugar, o Sr. Tesoureiro Municipal e Director superior Contable e de Orzamentación, con data 10/11/2020, emitiu informe sobre as emendas, na que pon de manifesto que non se pode formar unha posición técnica, por representar as mesmas unha opción política de aplicación alternativa dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo Goberno e aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 29 de outubro de 2020. O seu contido inequivocamente político, non pode quedar suxeito a un estudo-avaliación e consideración dun informe técnico, xa que as emendas non poñen en cuestión o incumprimento do bloque normativo que lle é de aplicación a este tipo de expedientes, senón unha aplicación dos recursos a empregos distintos, é polo tanto, unha emenda fundamentada en razóns de oportunidade política, non coincidente coa proposta do Goberno e aprobada pola Xunta de Goberno Local.

En terceiro lugar, as emendas presentadas teñen en común a previsión de axudas directas ao comercio e a hostalería pero non teñen en conta que, por unha banda, se trata dunha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de acordo co sinalado polo Estatuto de Autonomía e as respectivas Leis de desenvolvemento e, polo tanto, se trataría dun destino de imposible cumprimento xurídico sen máis efectividade que a súa previsión nun expediente de crédito extraordinario. Pero é que, por outra banda, dende a aprobación da Lei de Racionalización da Administración Local (LARSAL) aprobada polo Grupo Popular no Congreso dos Deputados, este Concello non podería asumir competencias impropias sen que a Administración competente -Xunta de Galicia- iniciase o trámite oportuno para delegar esas competencias (e tamén os recursos económicos) á Administración municipal. Polo tanto, o que propoñen os Concelleiros emendantes é asumir competencias impropias sen a cobertura xurídica precisa e, polo tanto, poñendo en risco a efectividade da medida que, como se sinala, non é posible dende que, no ano 2013, se aprobou a citada Lei estatal.

Parecería máis axeitado, en cambio, que se solicitase a transferencia de recursos económicos que a Xunta de Galicia recibiu do Estado e da competencia para facelos efectivos pero nada disto se fai: nin se reclama a competencia, nin se reclama á Administración competente que transfira os recursos a esta Administración municipal, nin se propón medida algunha con viabilidade xurídica e, porén, real e efectiva. Debe sinalarse que Galicia recibiu unha parte importante dos 16.000 millóns de euros do Estado para, entre outras, esta finalidade, sen que se artellaran aínda os

procedementos para a súa concesión. Este goberno Municipal está a reclamar constantemente ditas axudas á Administración competente: Xunta de Galicia.

Debe recordarse que, no exercicio das competencias municipais, este Concello realiza diversas actuacións para promocionar a cidade que teñen como destinatario primario o sector terciario e, principalmente, hostaleiro: promoción turística das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade, Festas de Verán, Campaña de Nadal, Festas especiais e outras que teñen como resultado o incremento dos niveis de ocupación dos establecementos da cidade de forma desestacionalizada e, polo tanto, favorecendo a xeración de actividade económica para o sector. A elo debe unirse a redución das taxas municipais de ocupación de vía pública, de xeito que se produce unha transferencia de recursos económicos a este sector privado. Tamén, e sempre no exercicio das competencias municipais, se reduciron os importes da taxa de recollida de lixo, da taxa de vados e a prestación do servizo de subministro de auga durante este exercicio 2020, o cal constitúe unha axuda directa ao sector.

En cuarto lugar, os Srs. Voceiros dos Grupos Políticos Municipais do Partido Popular, do Grupo Municipal Mixto e do membro non adscrito do Pleno, propoñen a aplicación dos recursos a outros empregos que consideran máis axeitados segundo o seu punto de vista e opción política, diferente a vontade do Goberno que xa someteu a súa proposta á Xunta de Goberno Local e formulou proposta ao Pleno. Como xa se sinalou, a competencia para a decisión das distintas alternativas de gasto reside no Alcalde-Presidente. A proposta de destinos que se aprobou por Xunta de Goberno e se somete ao Pleno ten como obxectivo, dentro das competencias propias, xerar emprego a través de distintas obras de relevancia para a cidade e con elo actuar de incentivo e fomento da economía posto que os empregos, ademáis de xerar dignidade para as persoas, xeran recursos para o consumo e a inversión privada de xeito que as externalidades positivas da inversión pública non só melloran a cidade, e as condicións de vida dos seus habitantes, senón tamén a economía privada. A utilización dos recursos para mellorar a eficiencia enerxética e a economía verde, a mobilidade das persoas no desenvolvemento do Plan Vigo vertical e, en xeral, as condicións de vida na cidade e para xerar actividade económica na cidade que actúa como cabeza tractora da economía de Galicia son a opción do Goberno local para reactivar distintos sectores despois dos efectos xerados polo COVID19.

Finalmente, deben rexeitarse os cálculos da contía do remanente que propón empregar o voceiro do Partido Popular. Como se pon de manifesto no informe técnico, non se pode ter en conta, exclusivamente, a situación da tesourería municipal a 31 de decembro, é dicir unha imaxe estática durante todo o ano, senón que a actividade financeira ordinaria da entidade xenera importantes fluxos económicos de saída para

satisfacer o gasto corrente, as transferencias e as inversións durante cada un dos exercicios orzamentarios.

Un elemental principio de prudencia financeira obriga a ter en conta os recursos que deben destinarse tanto ao pagamento das obrigas ordinarias como aos pasivos que lle resulten esixibles ao Concello de Vigo. Non se pode descoñecer por quen formula a emenda que a contracción de obrigas de gasto implica acompañar os recursos económicos necesarios para afrontar o seu pagamento.

Este Goberno ten como obxectivo cumprir sobradamente cos prazos de pago a provedores para, deste xeito, evitar tensións de tesourería a aqueles autónomos e empresas que contratan coa Administración municipal polo que, de aceptarse a emenda, se estaría prexudicando á economía local.

Por outra banda, decisións adoptadas no seu día por outros grupos políticos que gobernaron a cidade, singularmente o Partido Popular, xeneran na actualidade a existencia de pasivos que se teñen que pagar cos actuais recursos económicos do Concello e que o Goberno local ten que afrontar para cumprir coa necesaria seguridade xurídica e respecto ao ordenamento, aínda que procedan de actuacións que non pode compartir e que, porén, deron lugar a que se utilizasen todos os recursos xurídicos precisos para defender a mellor posición do Concello e da cidade. Así pois, o informe técnico que forma parte do expediente, incorpora unha aclaración sobre a contía do recurso financeiro a utilizar, facendo referencia a dous expedientes que a día de hoxe xa conforman un pasivo continxente, aínda que sen unha cuantificación final. Así mesmo, con un criterio técnico, a teor do calendario do contribuínte, a imaxe fixa que reflexa a tesourería ao remate do ano ten causa en que o 73% dos cobros dos impostos e taxas, prodúcense ao final do exercicio, cando son efectivos os padróns do IBI, IAE e BICES.

Avaliada as emendas, faise a seguinte,

PROPOSTA DE REXEITAMENTO DAS EMENDAS

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada polo Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes Gonzalez, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2668/1101, por representar unha proposta alternativa da aplicación dos empregos á proposta e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29/10/2020, así como propor uns usos incompatibles co principio de prudencia e da normativa de aplicación.

SEGUNDO. Rexeitar a emenda á totalidade do Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2669/1101.

Neste caso, tamén propón a aplicación dunha gran parte dos recursos financeiros a un plan de apoio ao comercio, que como se desenvolve no informe técnico, de dubidoso encaixe no articulado incorporado pola LARSAL.

A emenda engloba un grupo de empregos xenéricos, dos que 26 millóns corresponden a axudas, subvencións.

En relación cos centros escolares, o emprego de 3 millóns, tampouco se específica a finalidade.

A proposta alternativa de empregos, libera a Xunta de Galicia das súas obrigas e competencias para que sexa o Concello quen as asuma.

TERCEIRO.- Rexeitar a emenda parcial presentada polo Sr. Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2670/1101. Propón unha baixa na proposta do goberno e do acordo da Xunta de Goberno Local de 20.170.312,6 euros, para adicar 15 millóns en axudas ao comercio e hostalaría.

A argumentación de empregos non axustados a normativa vixente resulta redundante, e ao igual que as anteriores emendas, teñen que ter outro axente financiador, que é a Xunta de Galicia, que a administración que ten a competencia e a que recibe as axudas estatais con cargo ao fondo de 16 mil millóns, quen ten que financiar esta liña de axudas.

CUARTO.- Manter a proposta formulada ao Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 22/10/2020 que se engade, non habendo alteración algunha en relación coa aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de outubro de 2020.

QUINTO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

SEXTO.- Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 22 de outubro de 2020, que figura na proposta aprobada pola Xunta de Goberno da que teñen coñecemento os Srs. Concelleiros a partires da data 29 de outubro de 2020.

SÉTIMO.- Unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Informativa a seguinte proposta..."

Deseguido o concelleiro informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente rexeita as emendas e ditamina favorablemente a proposta. O membro Non Adscrito anuncia que presentara voto particular.

Con data 11.11.2020, o membro non Adscrito presenta no Rexistro do Pleno 2679/1101, o voto particular anunciado na Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR: Con dous votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas mais do membro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dous votos en contra do membro do

grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 63/2020, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 680/441 por unha contía de 33.000.000,00 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan. A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, cuxa cuantificación figura na memoria.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os que se relacionan, que afectan aos Servizos de Vías e Obras, Estratexia DUSI, Vigo vertical, eficiencia enerxética, Xardíns, Educación, Deportes e Patrimonio Municipal. A unidade encargada da tramitación dos expedientes que conforman a modificación orzamentaria é a Área de Fomento.

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1532	2100060	Asfaltado na Rúa Marín		218.139,12
FOMENTO	1532	2270660	Redacción proxectos de novas humanizacións		550.000,00
FOMENTO	1532	6090058	20153258 Cubrición e protección Tranvía Castelao		123.914,14
FOMENTO	1532	6190060	20153260 Human. Rúa Tercio de Afora		274.019,36
FOMENTO	1532	6190061	20153261 Human. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)		2.197.043,98
FOMENTO	1532	6090062	20153262 Suministro e colocación de biondas para motos		350.000,00
FOMENTO	1532	6090063	20153263 1ª anual. Acceso peonil S. Avendaño V. Norte		500.000,00
FOMENTO	1532	6190064	20153264 Human. Rúa Troncoso		362.458,03
FOMENTO	1532	6190065	20153265 2ª Fase Integración Urbana Vía Verde		2.967.996,94
FOMENTO	1532	6190094	20153294 Obras de mellora túnel de Beiramar		1.500.000,00
FOMENTO	1532	6190067	20153267 Beirarrúa no camiño do Laranxo		135.925,99
FOMENTO	1532	6190068	20153268 Seguridade e pavimento.C.Campo Amor		463.000,00
FOMENTO	1532	6190093	20153293 Humanización Rúa Romil		1.230.000,00
FOMENTO	1532	6190070	20153270 Human. Camiño da Brea		226.881,13
FOMENTO	1532	6190071	20153271 Human. Rúa Costa da Gándara		162.522,14
FOMENTO	1532	6190072	20153272 Human. Rúa Penís de Abaixo		78.256,44
FOMENTO	1532	6190073	20153273 Human. Praza da Feira		151.842,02
FOMENTO	1532	6190074	20153274 Human. Rúa dos Fontáns		58.056,47
FOMENTO	1532	6190075	20153275 Human. Rúa dos Curros		89.541,56
FOMENTO	1532	6190076	20153276 Human. Rúa Subride		153.502,50
FOMENTO	1532	6190077	20153277 Human. Primeira Travesía de Guixar		45.534,57

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1532	6190078	20153278	Human. Rúa dos Foxos	56.291,49
FOMENTO	1532	6190079	20153279	Human. Rúa Rosal Florido	61.703,43
FOMENTO	1532	6190080	20153280	Human. Rúa do Areiro	153.984,99
FOMENTO	1532	6190081	20153281	Human. Rúa do Freixo	274.556,28
FOMENTO	1532	6190082	20153282	Human. Rúa Bagunda	54.537,62
FOMENTO	1532	6190083	20153283	Hum. P.Saavedra, Fase 2, Trv.Foxos-E. Lorenzo	312.471,95
FOMENTO	1532	6190084	20153284	Humnización Rúa Rosal	450.000,00
FOMENTO	1532	6190085	20153285	Human. Rúa G. Espino, 4º Fase	1.600.000,00
FOMENTO	1532	6190086	20153286	Human. Rúa Aragón, 6ª Fase	570.000,00
FOMENTO	1532	6190087	20153287	Human. Rúa Valladolid	450.000,00
FOMENTO	1532	6190088	20153288	Human. Julián Minguillón e Vista Alegre	1.070.668,74
FOMENTO	1532	6190089	20153289	Humanización Rúa Colombia, 2ª Fase	749.293,61
FOMENTO	1532	6190092	20153292	Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo	496.500,00
FOMENTO	1539	6190060	20153960	Peatonalización Praza Elíptica	2.320.000,00
FOMENTO	1539	6190061	20153961	V.Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude	750.000,00
FOMENTO	1539	6190062	20153962	V.Vertical, Esc. Mecánica ao C. S. Teis	1.300.000,00
FOMENTO	1539	6090063	20153963	Vigo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialía	450.000,00
FOMENTO	1539	6090064	20153964	Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo_Aragón	900.000,00
FOMENTO/elect.	1650	6190060	20165060	Iluminación Parque Castrelos	622.680,74
FOMENTO/elect.	1650	6190061	20165061	Plan de eficiencia enerxética	2.551.133,15
XARDÍNS	1710	6190060	20171060	Mellora Praza de Miñoca	1.600.000,00
XARDINS	1710	6190061	20171061	Acondicionamento Torreiro Valadares	237.277,80
EDUCACIÓN	3230	6220060	20323060	Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian	700.000,00
DEPORTES	3420	6290060	20342060	Dotacións deportivas	60.000,00
DEPORTES	3420	6320061	20342061	Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Bao	642.434,46
DEPORTES	3420	6320062	20342062	Mellora campo de fútbol Sta. Mariña	499.908,29
PATRIMONIO	9330	6320060	20933060	Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina	426.116,78
PATRIMONIO	9330	6320061	20933061	Reforma antiga Edar para auditorio	901.806,28
PATRIMONIO	9330	6320062	20933062	Acondicionamento Antigo ambulatorio Teis para Biblioteca	900.000,00
Total					33.000.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva,

procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar os expedientes de acordo á relación que conforman os empregos dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 63/2020, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

QUINTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

3(203).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 08/2020. CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPTE. 12895/407 (REXISTRO PLENO 2666/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de outubro de 2020, o xefe dos Servizos Centrais co conforme da concelleira delegada da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite a seguinte proposta,

“Vista a memoria e resolución da Vicepresidente de Urbanismo, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítese o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No informe da unidade xestora do gasto e na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable deste gastos e, ó mesmo tempo, necesario que sexan executados entre este exercicio e o de 2021, sen que deba ter incidencia nos sucesivos exercicios.

3º) O importe de 2.885.000,00 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.6090400	Investimentos no corredor do Lagares	0,00 €	985.000,00 €
1510.6000200	Expropiacións Panificadora e Praza da Igrexa	0,00 €	1.500.000,00 €
1510.6000004	Obras de urbanizacións e investimentos urb.	0,00 €	250.000,00 €
1510.2270605	Proxectos asociados a urbanizacións e investimentos urbanísticos	0,00 €	150.000,00 €

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 2.885.000,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2019, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 7.589.458,24 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 11.02.2020, anexada ó expediente 12225/407). Tense en conta tamén a suspensión polo Goberno de España da aplicación das regras fiscais e de gasto recollidas na Lei de Estabilidade Orzamentaria.

En consecuencia, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo...”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

Con data 30.11.2020, o interventor municipal emite o seguinte informe de fiscalización,

“Lexislación aplicable.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).

- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b) 2º).
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, e resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008.

Carácter do informe.

Conforme ao disposto no artigo 4 do Real Decreto 128/2018, o control interno da xestión económico-financieira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e comprenderá, tanto a función interventora como o control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).

Trátase, polo tanto, dunha modalidade de control preceptiva.

Fundamentos xurídicos.

I.- O artigo 177 do TRLRFL dispón:

“1. Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do

expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

2. O expediente, que haberá de ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Pleno da corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo, de aplicación, as normas sobre información, reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 desta lei. (...)

4. O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón.

Devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. No expediente acreditarase que os ingresos previstos no orzamento veñan efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista.”.

II.- Pola súa beira, o RD 500/1990 establece o seguinte:

“Art. 35.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

Os suplementos de créditos son aquelas modificacións do Orzamento de gastos nos que concorrendo as mesmas circunstancias anteriores en relación co gasto para realizar, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.

Art. 36.

1. Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

a) Con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, calculado de acordo co establecido nos artigos 101 a 104.

b) Con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente.

c) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

2. Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito para gastos de investimento poderán financiarse, ademais de con os recursos indicados no apartado anterior, cos procedentes de operacións de crédito. (...).

Art. 37.

1. Os expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito serán incoados, por orde do Presidente da Corporación, e, no seu caso, dos Órganos competentes dos Organismos autónomos dependentes da mesma, nas unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas.

2. Á proposta haberase de acompañar unha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar a clase de modificación a realizar, as partidas orzamentarias ás que afecta e os medios ou recursos que han de financiarla, debendo acreditarse:

a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, no caso de crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, en caso de suplemento de crédito.

Dita inexistencia ou insuficiencia de crédito deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

c) Se o medio de financiamento correspóndese con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista. ...

3. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida polo Presidente á aprobación do Pleno da Corporación.

Art. 38.

1. A aprobación dos expedientes polo Pleno realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio en que se autoricen.

2. Na tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade a que se refiren os artigos 20 e 22.

3. Igualmente serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os Orzamentos da Entidade a que se refire o artigo 23.”.

Informe.

Feitos comprobados.

Co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a conformidade do acordo proxectado coas disposicións aplicables, por esta Intervención comprobáronse os seguintes trámites e requisitos establecidos polo ordenamento xurídico mediante o exame dos documentos e informes que integran o expediente:

1.- No expediente consta resolución de incoación do órgano competente, previo informe das unidades que teñen ao seu cargo a xestión dos créditos ou son responsables dos correspondentes programas de gasto.

2.- No expediente acredítase o carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

3.- Na memoria que se achega a resolución incoatoria e no informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, achégase xustificación da necesidade da medida que precisa a clase de modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias ás que afecta e os

medios ou recursos que han de financiarla, así como a incidencia da modificación proposta nos orzamentos de exercicios futuros.

4.- No expediente acredítase a inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, no caso de crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, en caso de suplemento de crédito, en ambos casos no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

5.- Que o medio de financiamento correspóndese con algún ou algúns dos recursos previstos na normativa reguladora das facendas locais: Remanente Líquido de Tesourería; novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente; anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas; no caso de créditos extraordinarios e suplementos de crédito para gastos de investimento, os procedentes de operacións de crédito.

6.- Cando un dos medios de financiamento sexa o Remanente Líquido de Tesourería, que se incorpora no expediente certificación expedida polo responsable de contabilidade acreditativa da que o importe do RLT é suficiente para financiar a modificación de crédito proposta.

7.- Cando o medio de financiamento correspóndese con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que se xustifica no expediente que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista.

8.- Cando o medio de financiamento correspóndese con maiores ingresos sobre os previstos, que se xustifica no expediente que se trata de ingresos efectivamente recadados.

9.- Cando o medio de financiamento correspóndese con anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, que se incorpora no expediente certificado de existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias que se minoran, e informe do servizo xestor dos créditos que se minoran conforme as dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo

Suspensión das regras fiscais en 2020 e 2021.

Con todo, nun escenario de pandemia mundial, e logo de que a Comisión Europea decidira aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020, que tamén se prorrogará en 2021, o Congreso dos Deputados apreciou o 20 de outubro de 2020 que a situación que está a sufrir España pola pandemia, supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, polo que, en virtude diso e do acordo de Consello de Ministros que na súa reunión do día 6 de setembro de 2020 acordou suspender a senda de consolidación fiscal aprobada antes da crise e, consecuentemente, as regras fiscais en 2020 e 2021, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto, o que permitirá aos concellos facer uso dos seus remanentes durante os dous exercicios de suspensión das regras fiscais.

A pesar de non existir obxectivos de estabilidade, si haberá uns obxectivos de referencia. En principio, a taxa de referencia en 2021 será finalmente do 5,2% para a Administración Central, do 1,1% para as Comunidades Autónomas, do 1,3% para a Seguridade Social e do 0,1% para as Entidades Locais, aínda que grazas á suspensión das regras fiscais poderán facer uso dos seus remanentes co obxectivo de contribuír na recuperación económica e social de España.

Conclusións e recomendacións.

- (1) O expediente 12895/407 incoado para a aprobación dunha modificación orzamentaria baixo a modalidade de crédito extraordinario por importe de 2.885.000,00 euros financiada co Remanente Líquido de Tesourería, cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 35 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo que esta intervención informa favorablemente a proposta contida no mesmo.
- (2) O Congreso dos Deputados apreciou que a situación que está a sufrir España pola pandemia, supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, polo que, en virtude diso e do acordo de Consello de Ministros adoptado na reunión do 6 de setembro de 2020, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto nos exercicios 2020 e 2021 atópanse suspendidos, o que permite facer uso dos remanentes de tesourería durante os citados exercicios sen incorrer nunha situación de incumprimento das regras fiscais.
- (3) A aprobación do expediente polo Pleno realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio en que se autoricen, e serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.
- (4) En todo caso, conforme ao disposto na base 8ª das Bases de Execución os compromisos de gasto dos créditos incrementados pola modificación deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 3.11.2020, ditamina favorablemente dita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 3.11.2020, aproba a proposta mencionada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRAS: A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de outubro de 2020, aprobou esta modificación orzamentaria que hoxe se somete á aprobación deste Pleno, con isto somos o primeiro concello de España en facer uso da posibilidade de utilizar o remanente líquido de Tesoureira, poucos días despois de que o Congreso ratificase o 20 de outubro a posibilidade de utilizar os remanentes deste goberno, este Concello fai uso desta posibilidade para dinamizar a economía, para reactivar a economía nesta situación derivada da pandemia mundial do coronavirus. Esta utilización dos remanentes é posible porque tamén o goberno de España decidiu suspender as Regras de Teito de Gasto para 2020-2021 como fórmula para reactivar a economía, tamén debido a esta situación de pandemia mundial.

Esta suspensión das regras fiscais se conseguiu despois de que o goberno de España conseguise que a Comisión Europea suspendese o pacto de estabilidade e crecemento activándose a cláusula de salvagarda que permite contar con estes fondos adicionais para a reactivación económica, para a reconstrución, para transformación e para a resiliencia, mentres uns van a Bruselas a traballar e a conseguir logros para España, o PP por exemplo, vai a Bruselas a torpedear precisamente este logros.

É así que o Concello de Vigo, este goberno exerce a súa responsabilidade de reactivar a actividade económica para minimizar a desaceleración da economía e faino dentro das súas competencias e faino tamén porque foi quen de xestionar ben os aforros de tódolos cidadáns, de xestionar ben as finanzas sólidas deste Concello que permitiron non só afrontar os gastos extraordinarios xerados pola pandemia, que foron moitos, senón tamén reducir impostos singularmente aos sectores máis afectados, máis de 12.000 establecementos de hostalería, comerciais beneficiados polas rebaixas de impostos deste goberno e agora un feito adicional, anexar recursos adicionais para reactivar a economía.

A modificación orzamentaria que aprobamos hoxe supón inxectar 33 millóns de euros do Concello de Vigo aos que hai que sumar 2,8 millóns de euros tamén da Xerencia de Urbanismo, en total uns 36 millóns de euros para reactivar a economía da cidade, como ben dixo o Alcalde, un investimento masivo na cidade de recursos, uns investimentos masivos na cidade.

Hai que destacar tamén que a estes 36 millóns de euros hai que engadirlle os 23,2 millóns de euros que están actualmente en licitación neste ano 2020 e que fixeron por exemplo, que a Federación Galega de Construción destacase que Vigo é o primeiro concello de Galicia en licitación de obra pública, o primeiro concello en Galicia en licitación de obra pública porque iso é o que quere esta cidade, o que quere a primeira cidade de Galicia, o que queremos que sexa tamén a cabeza tractora desta economía de Galicia. E por iso non esperamos aos orzamentos de 2021, non, o facemos xa, hai que dicir tamén que eses orzamentos para 2021 terán un importante capítulo inversor, pero non agardamos a eses orzamentos que viran pronto pero tampouco agardamos aos fondos europeos que tamén virán e que tamén permitirán achegar recursos adicionais para reactivar a economía.

Facémolo rápido, o facemos o máis rápido posible para non perder ningún minuto e para reactivar a economía porque reactivar a economía hai que facelo no momento oportuno para lograr que os sectores extractivos de fabricación de servizos teñan carga de traballo polo tanto, poidan manter emprego, incluso incrementalo porque eses postos de traballo permitirán que haxa consumo, se hai consumo hai comercio, e se hai comercio tamén hai hostalería, automoción e riqueza e benestar e hai dignidade porque este investimento produtivo que estamos a facer hoxe xera todas estas externalidades positivas pero igual de importante é facer un investimento seu precedente na historia da cidade porque estamos transformando a cidade na que vivirán os nosos fillos, na que vivirán os nosos netos, na que viviremos e gozaremos todos nós, a cidade do século XXI. Con este crédito extraordinario se levarán a cabo máis de 50 accións de transformación da cidade e como dixeran xeradoras de emprego e de riqueza, xeradoras de benestar, sostibilidade e de riqueza. Accións de sostibilidade ambiental como por exemplo os 2,5 millóns de euros adicadas á eficiencia enerxética o á mellora do Parque de Castrelos, ou ao corredor do Lagares entre Manuel Álvarez e a Avenida de Madrid ou tamén no transcurso do Lagares polo Polígono de Miraflores, ou ben a integración da vía Verde, con máis 2,9 millóns de euros. Accións tamén de transformación da cidade, coa creación dun ascensor na rúa Talude, outro en Teis, outro en Travesía Vigo e Aragón e outro para acceder á estación do tren de Alta de Velocidade, ese que algúns querían que non viñese a Vigo pero que virá a Vigo gracias ao Goberno de España, e que se suman aos xa existentes ou outros a punto

de finalizar como a importante obra de Gran Vía, e tamén o acceso peonil entre Serafín Avendaño e Vía Norte porque a transformación da cidade tamén é mellorar as contornas da praza, fronte á basílica de Vigo no Casco Vello, no corazón da cidade, pero tamén peonalizar a Praza Elíptica con 2,3 millóns de euros ou a Praza da Miñoa con 1,6 millóns de euros, tamén accións de transformación para a cidade co acondicionamento da antiga estación depuradora de Coruxo para un auditorio, con máis de 900.000 euros adicados a este proxecto, ou o antigo ambulatorio de Teis que conseguiu este goberno adicar a unha biblioteca e ao que adicamos con esta reforma máis de 900.000 euros, ou tamén nas parroquias coa reforma da contorna do Torreiro de Valadares.

Accións digo tamén para mellorar as condicións de vida dos máis xoves, suplindo o déficit que ten a Xunta de Galicia nesta cidade en investimentos en colexios, en investimentos en instalacións deportivas adicando 700.000 en investimentos en cubertas de colexios, no Colexio Villa Laura, Frián ou máis 1,2 millóns a instalacións deportivas para entre outros o campo de Santa Mariña, o campo de fútbol do Vao, ademais das obras xa en marcha como tamén se anunciaron estas semanas pasadas no Estadio Municipal de Balaídos. Transformando tamén a cidade coa expropiación da contorna da Panificadora máis de 900.000 euros adicados a mellorar esta contorna emblemática na cidade, no corazón mesmo da cidade e unha vez que a Xunta de Galicia tivo a ben emitir ese informe favorable sobre a ordenación deste ámbito simbólico tamén para a cidade, coa humanización da rúa García Barbón ata a rotonda de Isaac Peral con máis de 2 millóns adicados a este proxecto, ou tamén para a rúa Colombia, a rúa Julia Minguillón, Valladolid, Aragón, xa estamos coas distintas fases desta rúa Aragón, tamén da rúa Gregorio Espino con máis de 1.600.000 euros adicados a esta rúa, coa rúa Rosal, ou a rúa Purificación Saavedra ou a rúa do Freixo ou a do Areeiro, a rúa dos Foxos, da Travesía de Guixar, a rúa Sobride, Curros, Fontáns, Praza da Feira, Penís de Abaixo, Camiño da Brea, Tronquoso, Marín, a rúa Romil con máis de 1.200.000 euros e adicando tamén máis de 500.000 euros, máis de medio de millón de euros a proxectos para as novas humanizacións que tamén virán.

Polo tanto, abarcando toda a cidade, abarcando tódolos barrios, como nunca se fixo, adicando tamén máis de 1 millón de euros en concreto 1.500.000 de euros a mellorar o túnel de Beiramar, ese polo que pasamos tantos e tantos cidadáns

conducindo nos nosos coches ou máis de 400.000 euros a mellorar a seguridade tamén na estrada Clara Campoamor, esa que sube cara ao hospital privado de Vigo, ese hospital Álvaro Cunqueiro e que continua ata a Universidade, pasa por barrios como Valadares singularmente, ou tamén mellorando a seguridade dos milleiros de motoristas que conducimos nesta cidade, adicando máis de 300.000 euros á colocación de biondas de seguridade, elementos de seguridade polo tanto, para os motoristas, por tanto mellorando tamén ese elemento central da mobilidade que é a seguridade, tanto dos peóns como dos motoristas como dos propios condutores e como non tamén, protexendo a nosa historia, o noso patrimonio como a cubrición do tranvía da avenida de Castelao con máis de 190.000 euros para salvagardar ese ben, ese patrimonio histórico que ten a cidade que merece e é digno de protección ademais por certo, nunha semana na que tamén rehabilitaron e se inauguraron esas colosais murallas do Castro que gozan xa desa iluminación que permite apreciarlas en toda a súa integridade. Polo tanto, estamos adicando recursos a construír o Vigo do século XXI, pero tamén a xerar emprego que é xerar economía, que é xerar recursos para que esa roda que é a economía xire e permita que os recursos cheguen aos sectores produtivos pero tamén aos sectores comerciais e de servizos, este goberno ten esa prioridade, xerar economía e xerar benestar na cidade, xerar unha cidade habitable, sostible e próspera, ese é o destino destes 33 millóns de euros deste remanente líquido de Tesoureira do Concello e tamén dos 2,8 millóns de remanentes da Xerencia Municipal de Urbanismo. Polo tanto, esa é a proposta que presenta o goberno a este Pleno municipal.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Hai que principiar por sinalar que esta modificación orzamentaria a cargo de remanentes pon en evidencia algo importante nun debate que xa demos neste mesmo Pleno e é que se podía e se debía dispoñibilizar dos remanentes sen permitir que fosen incautados polo estado, esta dispoñibilización de recursos extraordinarios dende o BNG entendemos que debe estar destinada a atender precisamente as necesidades extraordinarias derivadas da pandemia. A iso deberemos adicar os 33 millóns de euros que se traen no modificativo. O BNG non discrepamos das actuacións en termos xerais que se recollen na proposta do goberno, entendemos que se trata nalgúns casos de reivindicacións veciñais, de

actuacións necesarias en diferentes ámbitos da cidade, trátase fundamentalmente de obras de remozado urbano que vostedes insisten en chamar humanizacións, mais en todo caso o que si que discrepamos é de que non se financien a cargo dos orzamentos ordinarios como debera ser tendo en conta que mesmos vostedes aquí inclúen a realización de fases de proxectos xa iniciados, polo tanto, o problema non é tanto o que se fai, aínda que poderíamos discutir moito de como se fai non, temos aquí algúns proxectos de humanizacións con tantas fases como inauguracións quere celebrar o Alcalde, en rúas de apenas 1 quilómetro seis fases de humanización. O problema é o que non se fai ou fundamentalmente o que non se quere facer, o Bloque Nacionalista Galego defendemos que se adiquen estes 33 millóns de euros adicionais a despregar medidas concretas para enfrontarmos os graves efectos sociais, laborais e económicos que está a ter a Pandemia derivada co Coronavirus, iso si que vai ser un investimento produtivo para a cidadanía moito máis que facer, a cargo de remanentes e con urxencia, actuacións como acristalar o tranvía da Avenida de Castelao. En política priorizar é sempre necesario pero nun contexto de crise tan grave e tan aguda é fundamental, é vital, e de aí que o BNG traíamos a este Pleno da corporación un voto particular onde emendamos a totalidade da proposta do goberno no que ten que ver coa aplicación, co uso destes 33 millóns con ese sentido, atender ás necesidades reais da cidade.

E con eses 33 millóns o que propoñemos o BNG é que o Concello de Vigo poña en marcha unha liña de axudas extraordinarias ao tecido comercial, as PEMEs a traballadores/as autónomas/os afectados polos efectos económicos desta crise como se está a facer noutras cidades, tamén algunhas gobernadas polo Partido Socialista, cunha dotacións de 10 millóns de euros, que se adiquen 2 millóns de euros a unha campaña de promoción do consumo local no pequeno e mediano comercio da cidade e da hostalería, que se desenvolva un programa extraordinario de apoio ás actividades formativas, culturais e deportivas que se prestan por entidades non lucrativas da cidade polos centros culturais e veciñais cun 1 millóns de euros para axudar a un sector que está a ser afogado polas limitacións da actividade presencial, que evitemos a desertización da industria cultural, do tecido cultural da cidade, con axudas directas por importe de 2,5 millóns de euros, que atendamos á realidade de termos dispositivos sociais superados como é o albergue municipal, ampliando o centro de integral de inclusión social de emerxencia social

con 2 millóns de euros ou tamén unha liña extraordinaria de axudas de garantía habitacional nun contexto onde a día de hoxe hai 27 familias en risco de desafiuzamento inminente na nosa cidade, con 6 millóns de euros ou que se poña en marcha un programa municipal de distribución de alimentos cando o Banco de Alimentos e ou outras entidades nos están a dicir que están absolutamente sobrepasados. Mais entendemos que tamén é importante a cubrición dos parques infantís e doutros espazos de esparcemento social porque van ser máis necesarios do que nunca neste inverno e tamén que dotemos de máis medios ás escolas e os colexios públicos desta cidade para atender as necesidades extraordinarias, esa é a proposta, destinar os 33 millóns de euros a atender o importante, o urxente o que necesita esta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Quizais para nós este sexa o debate máis importante en materia orzamentaria que ten vivido este Concello en varias lexislaturas, e non é un tema menor que tiveramos que case espera 15 anos para que os concellos poidan utilizar o recursos que legalmente son seus, para que os concellos poidan utilizar os recursos que forman parte, non só nalgúns casos da boa xestión e do aforro como moitas veces se di, os remanentes son unha boa xestión porque aforramos, cando os veciños/as pagan impostos e cando hai unha lexislación que nos impide utilizar eses recursos, instaurando unha interpretación do Teito de Gasto que podemos facer cada exercicio, o que se está a facer é amputando de maneira deliberada a capacidade económica das entidades locais, e isto ten unha responsabilidade histórica de dous partidos que están aquí sentados como son o Partido Popular e o Partido Socialista nunha reforma constitucional que decidiron que priorizaba determinados criterios de estabilidade e que impediu posteriormente co desenvolvemento dunha Lei aí si que con responsabilidade do Partido Popular que dixo que eses usos non se podían facer e cando este Pleno, este concelleiro e este grupo municipal da Marea de Vigo dixo que a proposta saíra da FEMP era unha proposta que dende logo era inasumible para os concellos, que obrigaba a incautar gran parte deses recursos aforrados en bancos, a cambio de que se nos prestara unha migallas para poder traballar, e cando nós dixemos que este debate era impostado, este concelleiro dixo que simplemente modificando as regras de gasto e eliminando o Teito de Gasto e interpretando a regra que arbitra

ese Teito de Gasto era posible utilizar os remanentes, se me dixo neste Pleno por parte de Alcalde que iso non era así, finalmente o goberno o que fixo é exactamente o que o alcalde de Vigo na sede da FEMP lle pediu ao grupo de Esquerda Unida e Podemos, quitemos o Teito de Gasto, fagamos a mesma senda que fixo a Unión Europea, busquemos o mecanismo, obviamente de non incumprir criterio de estabilidade que entrariamos xa xuridicamente noutra fase, pero usemos os remanentes eliminando o Teito de Gasto, e non temos que esperar a nada máis que o acordo do Congreso dos Deputados, o acordo do Congreso dos Deputados e eu felicito e creo que é boa sinal que concellos como Santiago de Compostela ou como Vigo xa estean, no caso de Vigo hoxe estamos debatendo este uso dos remanente e no caso de Santiago de Compostela o vindeiro martes, por certo, gobernado polo Partido Socialista e con dous millóns de euros dese remanente que van utilizar aprobado para axuda directa ao comercio e á hostalería, cando nós dicíamos de utilizar ese remanente para algo máis que obra financeiramente sostible que na súa sique, na súa maneira de entender a obra financeiramente sostible pois parece que só hai o que vostedes chaman humanizacións, se nos dicía que iso era imposible, que xuridicamente era imposible utilizar o remanente para cousas que non foran obra financeiramente sostible, outros concellos fano é que ademais o propio interventor á emenda que fai a Marea de Vigo, di literalmente, que claro que se poden utilizar pero que simplemente é unha cuestión política, ao que vostede concelleiro de Facenda nos responde no mesmo ton e na mesma campaña publicitaria de ciclo permanente que vostede ten, vendéndonos os grandes logros da cidade, que si que isto pode ser para unha cidade antes de febreiro ou marzo deste ano, pero vostedes o que está a poñer aquí enriba da mesa é unha cidade absolutamente irreal coa sociedade que se nos vai a construír a partir seguramente do ano que ven, no que ten que ver os orzamentos e a partir de que fagamos esta modificación, como de 33 millóns de euros dos 92 que tiñamos en caixa que xa se fixeron 18 millóns de modificacións, polo tanto, se vostedes utilizan 40 e neste caso 33 millóns de euros quedan xa 42 en caixa, como de 33 millóns de euros vostedes non son capaces de ler unha cidade na que os índices de pobreza van aumentar de carácter galopante, na que a exclusión social vaise a consolidar neste ano e no que ven, na que vai haber un serio problema de cohesión social, na que tódolos e cada uns dos recursos, todos e

cada un dos recursos salvo os explicitamente urxentes e que creo que ademais vostedes si que poñen, eu creo que hai algunhas rúas que xa non podían esperar máis, estou de acordo en que vostedes fagan unha reparación inmediata na rúa Paz Pardo en outras cousas porque se están anegándose casas, hai unha serie de actuacións que nós estamos dispostos a entender que son urxentes porque entran incluso dentro da calidade de vida dos veciños/as pero entre 33 millóns de euros non había absolutamente nada para incrementar os servizos sociais, non hai absolutamente nada, xa non digo condonar a auga e o lixo que é o que se espera cando o negocio está pechado e o que están a facer tódolos concellos de maneira natural, senón para buscar mecanismos que permitan a hostalería e ao comercio sobrevivir a meses moi difíciles aínda que sexa coa subvención directa por exemplo, que están dando en moitos concellos para pagar alugueiros que o gran gasto que agora mesmo ten un negocio ou outro tipo de gastos fixos, e entre 33 millóns de euros non había oco, non había oco porque hai unha serie de obras, moitas delas refritos e sacados dun caixón que había que poñer enriba da mesa ou incluso seguir xustificando que antes do Sr. Abel Caballero non había nada nesta cidade, incluso gastarse 2 millóns de euros na praza Elíptica unha praza que non ten agora mesmo ningún tipo de urxencia urbanística máis alá de garantir a súa peonalización coa que nós estamos profundamente de acordo e vostedes nos trasladaron sempre que era imposible e vemos que tódolos concellos que están facendo o mesmo que está facendo o Concello de Vigo deciden priorizar as cuestións sociais, nós lle fixemos unha proposta deses 33 millóns de euros poderíamos entrar a discutir se teñen que ser a totalidade dos 33 millóns pero nós consideramos que con vostedes puxeran 20 millóns de euros e un compromiso en revisar o orzamento que tamén imos a discutir para colocarnos cando menos en ese bloque de axudas que é moi probable que a partir do ano 21 non teña que asumir un concello que serían para o comercio e a hostalería que nós calculamos na contorna dos 17 millóns de euros e logo completar catálogo de servizos sociais porque por certo, vostedes terán que explicar aquí por que desaparecen 800.000 euros das AEFAS e das axudas directas que daba este Concello con respecto do ano 20, con respecto ao ano 21, veñen cunha proposta de 33 millóns de euros para investir nunha cidade que xa non existe, xa non existe ese Vigo, xa non existe ese Vigo que é feliz de ver humanizacións e obras, cada vez que vostedes anuncian

lucen no Castro, vostede fala de magníficas murallas, as redes se incendian porque é unha vergoña co que está a caer nesta cidade que esteamos pensando en poñer arbolitos crecidos ou en poñer luces nunha muralla, teñen tempo para facer isto, cando os indicadores económicos desta cidade o permitan, volvan vostedes ao modelo de cidade do que nós discrepamos pero que sabemos que ten un percorrido importante nunha parte da poboación, fagan agora unha enquisa pública de en que quere gastarse un vigués/a os 33 millóns de euros? Pregúntelle aos vigueses/as verán como non hai ningún vigués que ante unha situación de exclusión social, ante unha situación de peche da hostalería, ante unha situación de perda por enriba do 50% dos niveis de facturación do comercio non hai ningún vigués que quere unha luz de Nadal, non hai ningún vigués e se o hai é un irresponsable e unha persoa egoísta, e vostedes teñen que saber que esta cidade mudou como está mudando a sociedade europea para que permitan que os aforros que están en contas bancarias, acaben en construtoras, o destino é diferente de estar nun banco de capital privado como a Abanca a que estea en mans de construtoras, o destino é indiferente nesta situación e diferente que eses 33 millóns de euros estiveran en mans das familias, estiveran en mans de axudas ao comercio e estiveran en mans de promoción social que é o que falla na súa proposta, é o único concello dos grandes concellos deste país que vai utilizar o seu remanente e as partidas sociais dos remanentes son cero, díganme vostedes un gran concello deste país que vaia utilizar o seu remanente e que os capítulos que xa non digo a Marea de Vigo que os tres grupos da oposición lle propoñemos que nos seu capítulo de usos dos remanentes para unha sociedade como vai a ser a sociedade post Covid-19, cero euros, non hai e é máis, teríamos que calcular e teríamos que pensar como é que non hai un incendio social nesta cidade cando pasan estas cousas porque calquera outro alcalde colle o seu remanente o seu aforro e o mete ao 100% neste tipo de actuacións e tería unha mobilización social sostida, é tamén un tema sociolóxico que teríamos que estudar con determinado tempo. Nós fixemos unha propostas concreta, e non emendamos a totalidade e dicimos que hai unha serie de actuacións que son urxentes, pero teñen que buscar o mecanismo e senón era aquí tiñan unha oportunidade que tampouco aproveitaron nos orzamentos para buscar unha cidade completamente diferente ao que vostedes propuxeron, nós lle pedimos 10 millóns de euros ao comercio local e autónomos e posible consignalos

e arbitrar o sistema de axudas é máis é posible facer adianto económico desas axudas e xustificalas a posteriori como están a facer moito concellos para que a burocracia ou aprobación de normas non o impida, 5 millóns de euros ao sector hostaleiro simplemente para paliar o efecto do peche e a partir de aí unha serie de recursos e a todos se nos responde que é un problema competencial como as luces de Nadal e as becas de inglés que tampouco son competencia do Concello de Vigo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Se presenta efectivamente unha modificación orzamentaria por importe de 33 millóns de euros que se financia co remanente líquido de Tesoureira que ascende a un total de 92 millóns de euros dos que dispoñibles 74 millóns de euros, 92 millóns de euros de remanente que vostede Sr. Alcalde non hai tres meses estaba disposto a entregar a Madrid a cambio de recibila facéndolle un préstamo e recibila en varios anos, 5 anos, e que hoxe aquí agora no Pleno desa cantidade sen saír de Vigo dispoñemos libremente sen entregar un can, daquela nos dicía vostede que non podíamos gastar nin un euro, que a única maneira era facer un prestamos a Madrid que recibiríamos decenas de millóns de euros e hoxe tres meses despois, nin Lei Montoro nin nada de nada, se suprime o Teito de Gasto e se permiten utilizar os remanentes sen limitación, dicía o Alcalde que non era posible, que o prohibía a Lei Montoro do PP, e agora estamos aquí tranquilamente debatendo como usar 33 millóns de euros que non se moveron de Vigo, porque o PP se negou en redondo e con el tódalas forzas políticas do país, tódolos concellos e deputacións de España aos que vostede en canto tivo oportunidade lle pediron, lle deu as costas, asinou un acordo co goberno e os traizoou, tiña razón esa periodista nacional que lle dixo en directo ao Alcalde de Vigo, "Sr. Alcalde no puede tener razón solo usted y estar todo el mundo equivocado" pensaba eu para min non sabedes ben quen é o Sr. Caballero, era capaz de enganar e mentir a toda España, logo vir aquí ao seu concello a un Pleno indigno que desapareceu da rede, vir aquí coas orellas baixas e poñer enriba da mesa diante dos veciños/as de Vigo 33 millóns de euros dos 92 millóns de euros que estaba disposto a entregar ao goberno de Madrid, e menos mal que non os entregou, porque visto os orzamentos xerais do Estado e a esmola que nos da, quedabamos sen cartos en Vigo e sen investimentos do Estado, non hai nada para a saída Sur, nin para o soterramento da AP-9 en Teis, nin para o soterramento da

Vigo 20 en Navia, nada para o AVE, os centos de miles de euros para estudos, si como o da biblioteca do Estado que leva anos sen estudio e aínda non vimos un libro, o mundo ao revés, que temos, vimos ter en Vigo Sr. Alcalde, unha biblioteca pública do Estado en streaming como temos tamén o Nadal este ano 1 millón de euros tirados ao lixo polo empeño absurdo dun alcalde de crer comezar o Nadal en plena pandemia en agosto cos contaxios remontado, tempo teremos de falar diso.

E aquí estamos hoxe co Alcalde que non foi quen de gastar o que os vigueses pagamos, que acumulou 92 millóns de euros para proxectos que nunca fixo pero que si nos cobrou aos vigueses, e que agora ven aquí a xogar o partido de volta e pasar a vergoña de ter que dicirnos por que agora si vai a gastar nun ano o que non foi quen de gastar en 13 anos. Sr. Alcalde, ven aquí a pedir o desquite, ven a xogar o partido de volta, ven á repesca, ven aquí a exame da última convocatoria e nós lle dicimos e por que 33 millóns de euros e nos os 74 millóns de euros dispoñibles e por que só en obras e non en comercio ou en hostalaría ou en política social, que pasa Sr. Alcalde? Non hai pandemia en Vigo? Non hai pandemia para vostede? Non sabe que se prevé unha caída do PIB para este ano 2020 de máis do 11%? non sabe vostede que o incremento do paro rexistrado en Vigo neste mes de outubro é 1.698 persoas desempregadas máis que no mesmo mes que o ano anterior, non sabe que nós perdemos dous postos pasando do 9 ao 11 en renda bruta dispoñible das cidades galegas? Só nos imos a preocupar do Nadal e das obras e por que estas e non outras? Que extraordinario e urxente necesidade hai en cubrir o tranvía de Coia, o Tranvía que nunca circulou en Vigo, xamais porque ven de Lisboa e o pintou co cores da cidade e lle puxo o cartel de Peniche, si, será o de Portugal o da ola máis grande do mundo, do surf, non o de Pi y Margall e Tomás Alonso, nin da escaleira de Peniche que está a esperar polo Vigo Vertical e seguirá esperando. Ese tranvía que quere vostede cubrir é un agasallo de Vitrasa na campaña electoral do ano pasado, Vitrasa, si, si, á prorroga dos 5 anos a cambio de nada que ten os autobuses ateigados un día si e outro tamén, falaremos diso tamén logo cando nos anuncie no seguinte Pleno tódalas medidas de reforzo que vai a facer do transporte urbano e que tódolos nesta sala e fora dela sabemos que vai a ser ningunha.

Sr. Alcalde nós queríamos que viñesen aquí obras, estas, outras pero sobre todo máis cartos para política social e para o comercio e a hostalaría, agora xa sabemos

que só é unha cuestión política que basta cun informe de duplicidades como di a Lei galega, eu mesmo asinei informes de duplicidade para proxectos de emprego do Concello de Vigo e da Deputación posto que o Concello de Vigo non tiña competencia en materia de emprego e se puxeron en marcha felizmente con financiamento estatal, europea e propio do Concello, por que non preparan un programa de axudas ao comercio e á hostaleira complementarios da Xunta de Galicia, por que non fan o que o PP reclama á Deputación, axudas para hostalaría como xa fixeron o resto das cidades e deputacións galegas, tódalas grandes cidades e tódalas deputacións de Galicia xa contan con axudas para o comercio e a hostalaría, agás Vigo, é preciso que a Deputación e o Concello abran liñas de axudas como xa fixo o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de A Coruña, permitindo 3 millóns de euros para o comercio e a hostalaría compostelá para axudalos a pagar os gastos correntes, destine 10 millóns a estes sectores, implíquese nas axudas coa Deputación que tamén por certo, vai a permitir utilizar fondos para ese fin, a Deputación de Pontevedra anunciouno onte a presidenta, Sr. Alcalde que só queda vostede sen axudar ao comercio e a hostalaría, 10 millóns de euros con esa cantidade se porían atender 3.500 autónomos e micropemes, se o comercio e a hostalaría morre, Vigo morrerá, xa estamos vendo agora que é unha cidade desolada coa hostalería pechado e comercio a medio gas, 10 millóns de euros, que son 10 millóns de euros Sr. Alcalde cando prometeu vostede nada máis e nada menos que 1.000 millóns de euros, nun programa de recuperación económica colosal, onde están os mil millóns de euros Sr. Alcalde, unha mentira máis, unha fuxida cara adiante, as axudas cales eran? Non cobrarlle o lixo que non produciron nin a auga que non consumiron, home, só fallaba, ata ilegal sería facer iso.

Grandes cidades de Galicia A Coruña, plan de reactivación económica, 7,4 millóns de euros, Lugo, Plan Reanima Lugo, 4 millóns de euros a autónomos e empresas, Ourense, 20 millóns de euros, Santiago de Compostela, en colaboración coa Deputación, 3 millóns de euros, Pontevedra, ata Pontevedra Plan Supera 20, 1,2 millóns de euros para autónomos e micropemes e agora a Deputación de Pontevedra ven de anunciar que vai axudar tamén a través do Plan Concellos aos de menos de 20.000 habitantes. So queda vostede Alcalde, ata Porriño, Tuy e Pontearreas anunciaron axudas, en política Social gastaremos 19 millóns de euros

este ano, gastará A Coruña 29 millóns de euros, seguimos sendo precarios en gasto social e os remanentes Sr. Alcalde debe estar para iso, gastamos menos en Política Social que en limpeza viaria, 19 millóns fronte a 22 millóns de euros, convirá vostede comigo en que ter unha cidade limpa é importante pero tamén o é, ao menos o mesmo, axudar aos que máis o necesitan, un concello que adica máis esforzo a conseguir escobas de pratino que loitar contra a exclusión social, Sr. Alcalde ese non é o Concello que queremos, ese é o seu Concello, ese non é o noso, non é dos que están aquí fora facendo cola e os que piden a renda mínima vital. Vostede gasta no que luce, non no que é preciso, non que é necesario e así nos vai, o gasto social debe incrementarse ao menos en 29 millóns de euros para chegar a un gasto social de 100 euros por habitante, podemos entender que hai obras que son necesarias pero so obras e luces Sr. Alcalde? Esas obras contribúen o diminuír o desemprego na cidade cando non hai cláusulas sociais nos pregos, que materiais están a utilizar, de onde veñen? Que política activa se está utilizando para que esas obras teñan retorno na cidade, é preciso abordar outras tamén de maneira importante, que vai a pasar co Paseo de Alfonso e coa rúa Elduayen? Imos a condenar un ano máis probablemente para sempre a deixar ao Paseo de Alfonso como unha rampla de entrada aos túneles?.

SR. LÓPEZ FONT: A primeira conclusión das intervencións anteriores é evidente que algúns non lles gustou que se poidan utilizar os remanentes e que dende logo non lles gustou a proposta que se trae aquí, e é certo que é o debate máis importante dos últimos tempos porque esta modificación orzamentaria que hoxe se trae é histórica e é certo que utilizamos moito o termo histórico sen grandilocuencia, pero é así, se hai uns días aprobábase o Barrio do Cura, hoxe traemos a maior modificación orzamentaria que se pode traer aquí, unha moción en total de 36 millóns de euros, para os nostáxicos, para os que queren velo doutra maneira, 6.000 millóns de pesetas, pero para comprender a transcendencia do que traemos aquí e das actuacións brevemente nos imos remontar a cando se inicia todo isto, e se inicia en xuño do 2007, efectivamente e o día da toma de posesión do Sr. Abel Caballero como Alcalde desta cidade, recibiu unha débeda de 66 millóns de euros dun goberno do Partido Popular, 13 anos despois se fixeron investimentos importantes nesta cidade e se transformou totalmente, se mantivo unha baixa

presión fiscal como en moitas ocasións explicou con detalle o Concelleiro de Facenda, e hoxe chegamos a discutir esta modificación orzamentaria cunha débeda cero, señores da oposición, e cuns aforros aínda por estimar pero que permiten neste momento dispoñer de 36 millóns de euros, e agora os que nos impediron gastar, o Sr. Rajoy, o seu voceiro aquí do Partido Popular, ven a dar leccións sobre como se poden utilizar os remanentes. A proposta é de 50 actuacións, actuacións que nos mandaron os vigueses e actuacións que nos mandaron os vigueses en maio do 2019 porque convén facer algunha que outra reflexión de contido político, en tódolos ordenes da vida hai liderado, en política os cidadáns queren que se teña un bo presidente de goberno, un bo presidente da Xunta de Galicia, pero basicamente queren que haxa un bo Alcalde, e o Alcalde desta cidade ten o 70% dos votos, demostrando algo que é moi difícil esas eleccións de maio de 2019 e é o grado de sintonía da cidadanía co seu Alcalde neste momento, o Sr. Abel Caballero se poñen recoñecer moitas cousas, pero dende logo a maior é saber interpretar como ninguén que quería a cidade e neste traxecto de 13 anos onde a confianza se foi incrementando, as actuacións que se fixeron, é boa proba diso e ese referendo do 70% insisto, é boa proba diso, polo tanto, que traemos aquí? Unha modificación orzamentaria de 36 millóns de euros que teñen dúas características fundamentais, a primeira é a creación de emprego, básica, porque crear emprego é dar retorno económico a todo o que dixeron vostedes tres, a todo. E agora voulo a desglosar, pero o outro eixe vertebrador desta modificación orzamentaria é a mellora de calidade dos vigueses, porque miren, de 36 millóns de euros que se traen aquí, dende o primeiro ata o último euro, o que xeran é postos de traballo e xerar postos de traballo é xerar economía, está ben xerar axudas ao comercio, está ben xerar axudas á hostalería porque miren, o primeiro que se debe de dicir da xeración de emprego é que é a dignidade da persoa e da súa familia, a dignidade, e á vez é a garantía da actividade económica no seu conxunto, non parcelada, miren, detrás do primeiro euro ata o último euro que se aproba pola Mesa de Contratación en todo o que aquí se propón, detrás de cada euro, se mantén o sistema sanitario, coas cotizacións, se garante as pensións, coas cotizacións dos traballadores que van a traballar, se garante os presupostos xerais do Estado pola vía de impostos e tamén cada un dos empregos é activade en hostalaría, en comercio, no ocio, nos transportes, é toda a actividade económica, todo o que vostedes reclaman de

axudas directas e de destinar cartos directamente a determinados sectores, está detrás de cada un destes postos de traballo, tamén está detrás de cada un destas actividades e destas propostas que vostedes fan, quen ten o réxime competencial, e o que é unha vergoña é que aquí se esquece do Estatuto de Autonomía e xa o dixemos en ocasións, me quedo coa imaxe de onte do Alcalde na súa rolda de prensa ensinando o Estatuto de Autonomía porque cando se fala de competencias de comercio e de hostalaría, son plenas da Xunta de Galicia, cando se quere reclamar apoio ao sector da hostalaría ten que ser a Xunta de Galicia quen o faga e ao comercio. Sr. Marnotes non lle da vergoña que a Xunta de Galicia destine 900.000 euros para apoiar á hostalaría de Vigo? Vostede non sabe que dende hai moitos anos este goberno municipal, este Alcalde decidiu que a taxa de terrazas é cero, que significa 3 millóns de euros directamente para a hostalaría, vostede non o sabe? Non sabe cal son as competencias do Estatuto de Autonomía? É moi fácil dicir aquí que o goberno municipal poña 2 millóns de euros, 10, 14 millóns de euros, os que sexan para destinar directamente aos sectores, se destina directamente aos sectores, nunha medida que se implantou en Vigo, que foi pioneira e que foron copiando os concellos. Polo tanto, dende o primeiro ata o último contrato do que aquí se propón que mellora a calidade de vida dos vigueses, dende o primeiro euro ata o último euro o retorno económico va a todo aquilo que a vostedes lle preocupa, pero vostedes están servindo aquí de coartada á Xunta de Galicia, uns cun discurso outros con outro porque a primeira reclamación que hai que facer é que a Xunta de Galicia destine a aqueles fondos que percibiu do goberno do Estado para axudar a eses sectores, se pode decidir dende o aspecto sanitario que se debe de pechar a hostalería pero a continuación hai que tomar medidas económicas, polo tanto, esta é unha modificación orzamentaria histórica, esta é unha moción, unha modificación orzamentaria que vai ao centro da economía para reactivar a economía, para reactivar onde se necesita, que é no emprego e para que retorne a tódolos estes sectores, e logo claro, de parte das intervencións faime moita gracia porque con esta cobertura de, non xa falaremos cando toque, claro que falaremos cando toque pero como se pode falar de axudas sociais e de que este goberno non axuda socialmente se non deixou tirado absolutamente a ninguén, se ten que decatarse que as axudas sociais están no orzamento ordinario, se neste Pleno dixo o Alcalde repetidamente que non haberá

limite ao gasto social necesario, se fala das luces da muralla, pero que se di se foi o goberno de España o que xa hai un ano pagou as luces, como se pode estar en contra dunha obra pública dende un discurso teórico de esquerdas se son os sindicatos os propios sindicatos os que din que debe de haber obra pública, nesa teoría de garantir o emprego e de garantir todo o que leva conseguintemente o emprego, os que se quedan sós son vostedes, os que se quedan sós e se vanse quedar moitos menos son vostedes con este discurso, porque o que aquí hai que reivindicar é o que lle corresponde á Xunta de Galicia, porque hai que ver con amplitude de miras o que significa esta modificación e eu tamén lle podó facer moitas preguntas a vostedes, non se lles ocorreu a ningún dos tres que interviron o que aquí o adecuado era solicitar da Xunta de Galicia que o día que se decreta o peche da hostalaría haxa de inmediato un Plan, non se lles ocorreu? Non se comprende que a creación de emprego de miles de postos de traballo que vai crear significa reactivación económica, pois esa é a realidade, estamos nun momento histórico e no que a xente o que reivindica é o que va nesta modificación, en maio do ano pasado foi o 70%, hoxe o Alcalde gozaría de máis apoio por parte das vigueses/es.

SR. ANEIROS PEREIRA: Estamos nun momento histórico porque engadir 36 millóns de euros adicionais para investir na cidade é historia da cidade, é historia desta cidade de Vigo e deste goberno de Vigo, deste Alcalde o Sr. Caballero porque é un feito sen precedentes, dicíao antes na miña intervención, co orzamento ordinario temos 23 millóns en licitación engadimos 33 millóns de euros do Concello máis 2,8 millóns de euros da Xerencia de Urbanismo e seguiremos engadindo máis e máis porque chegarán máis achegas de fondos do estado, europeos, da Deputación de Pontevedra, chegarán máis usos de remanentes, seguiremos engadindo fondos adicionais a esta cidade, polo tanto, reactivando a economía, por iso é un feito sen precedentes, é un día importante, é unha modificación moi importante, coincido en que é o debate quizais máis importante dos últimos tempos, pero tamén coincido nun feito que se sinalou e que esta cuestión xa se podía ter solucionado antes, se non se votase en contra polo Partido Popular e polo Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados a posibilidade de usar os remanentes con anterioridade, estaríamos xa contratando servizos para os cidadáns e contratando obras para...

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes vostede falou durante 10 minutos, non está en uso da palabra, señor concelleiro non adscrito non está en uso da palabra, chámoo á orde Sr. Marnotes, todo o mundo calado aquí e vostede interrompendo, sempre vostede, e todo o mundo escoitouno con natural atención ao que todo mundo dicía, escoiten ao señor concelleiro. Ás normas son iguais para todos, non son distintos para a oposición que para o goberno, non son iguais para vostedes, queren que non sexan iguais, pois aquí somos iguais todos, votamos polos cidadáns, concelleiro non adscrito, chámoo á orde, continúe concelleiro.

SR. ANEIROS PEREIRA: Solicito máis tempo. Xa podíamos estar traballando...

PRESIDENCIA: Xa notamos que á oposición non lle gusta a verdade, continúe.

SR. ANEIROS PEREIRA: Efectivamente. Xa podíamos estar traballando máis a reo e máis rápido con recursos que temos nesta cidade porque miren, no orzamento ordinario desta cidade, nos centramos no importante e no urxente, é con este crédito extraordinario multiplicamos esa importancia e esa urxencia. Quero destacar algunhas cuestións que se sinalaban aquí política social, hai que ter memoria histórica e os datos son tozudos señores do Partido Popular, no 2007 a Política Social tiña uns importes, dende que chegou este Alcalde no ano 2007 á Alcaldía, a política social deste goberno creceu máis dun 280%, o digo outra vez, máis do 280% porque temos a Política Social máis importante das cidades de Galicia e das cidades do contexto de España, sen límite orzamentario como soe dicir o alcalde, sen límite orzamentario, só neste ano 2020 axudamos a máis de 10.500 persoas nesta cidade con cargo aos nosos orzamentos, con cargo polo tanto aos cartos desta cidade, máis de 10.500 persoas porque temos a política social máis importante dos concellos de España, ademais coa axuda agora si do goberno de España, coa aprobación neste momento tan difícil do ingreso mínimo vital que tamén é unha axuda moi importante do goberno de España que complementa tamén as axudas que presta este Concello, polo tanto, coa política social máis importante de España, pero tamén atendendo outros sectores, atendendo ao sector de servizos, facendo medidas de impulso, de dinamización da cidade que

permiten que os hoteis estean cheos, e incluso nesta situación de pandemia neste verán, os hoteis tiñan uns índices de ocupación elevados porque Vigo é unha cidade atractiva, unha cidade segura, unha cidade que a xente quere vir, se os hoteis están cheos, os restaurantes tamén están cheos, e os comercios, tamén estarán cheos e como xa se dixo polo voceiros, reducindo os impostos, as taxas, a taxa de terrazas, a taxa do imposto de construción, instalacións e obras, a taxa de ocupación, reducindo un 25% o recibo do lixo, reducindo un 25% o importe da auga, reducindo tamén todos eses outros impostos que recaen sobre esas actividades económicas, e miren, cando tomamos posesión como concelleiros deste Concello, xuramos ou prometemos defender a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, e nese Estatuto de Autonomía de Galicia o artigo 30, di que a competencia é da xunta de Galicia, polo tanto, onde están eses millóns da Xunta de Galicia, miren, o Estado aportou 16.000 millóns de euros ás comunidades autónomas para entre outras cousas defender o comercio, onde está a Xunta de Galicia, onde está a Xunta de Galicia que promete axudas de 100 euros aos comerciantes desta cidade? O goberno de Vigo apoia, o goberno de España apoia e a Xunta de Galicia que fai?

SR. PÉREZ IGLESIAS: Unha cuestión de orde, Sr. Alcalde. De acordo co 55.2 do Regulamento Orgánico do Pleno quero volver esixirlle que no cumprimento das súas funcións se ataña ao previsto no Regulamento e evite duplicar as intervencións do grupo de goberno, é absolutamente antidemocrático.

PRESIDENCIA: O Grupo Socialista fixo unha intervención, como marca a Constitución, eu sei que a vostede a Constitución lle gusta pouco pero respéctea porque os grupos son todos iguais, non hai grupos distintos aos outros, no Regulamento será anticonstitucional pero se o Regulamento lle nega a palabra a un grupo non respecta a Constitución.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dúas abstencións do membro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 2.885.000,00 euros (modificación nº 08/2020 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.